

Xavier Rodríguez Baixeras: «A vida consiste nunha desertización de riquezas»

B. R. Sotelino VIGO/LA VOZ. [CULTURA](#)

O autor recibe hoxe o Premio de Poesía Caixanova por «Deserto diamantino»

09 set 2010.

Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) naceu e creceu baixo a influencia de linguas diversas, pero foi o galego o que o cativou como vehículo de expresión lírica. Fillo de pais cataláns e de avó paterno galego, a súa infancia discorreu en Ribadeo e a súa adolescencia en Segovia. O poeta, tradutor e ensaísta reside en Vigo desde 1977, pero tras a súa xubilación como profesor viviu longas tempadas en Salvador de Bahía (Brasil), aínda que hai xa tempo que retornou e hoxe estará recollendo no pazo de San Roque o Premio de Poesía Caixanova que convocan a entidade financeira e o Pen Clube Galicia, pola súa obra *Deserto diamantino*. O fallo dérase a coñecer en decembro pero a entrega coincide coa saída do prelo da obra, dentro da colección Arte de Trobar.

-¿Fixo a obra pensando no premio?

-Non. En absoluto. Foi un libro que empecei a escribir en Salvador de Bahía. Está dividido en cinco partes, as tres primeiras escribinas alí e o resto aquí.

-O galardón está dotado con 12.000 euros. A poesía está necesitada de axuda máis que outras artes, ¿non?

-Evidentemente. A poesía é unha pobriña que precisa apoio financeiro e tamén social.

-O feito de estar alí, de mudar a bruma pola luz, ¿cambiou en algo a súa forma de ver as cousas?

-Si. A poesía parte precisamente diso, da sorpresa, dos contrastes. O poeta necesita vivir novas experiencias e para min foi moi importante. Sentínme moi vital, cegado pola cor e pola luz, e pola calor da xente tamén.

-¿E trasladouno á escrita?

-Penso que tematicamente non, pero espero que se sinta dalgunha maneira a enerxía expresiva.

-*Deserto diamantino* fai referencia a algún lugar xeográfico ou é un espazo mental?

-No estado de Bahía hai unha zona moi interesante que se chama Chapada Diamantina, que é unha chaira na que se extraían diamantes. Máis ao norte hai unha zona completamente diferente, o Sertão, despoboadá, moi seca. Eu comparei ambas rexións e estas cousas teñen

unha dimensión simbólica. A vida consiste nunha desertización de riquezas que se perden co tempo, se gastan. Maniféstanse na creación, xa que o poeta vai perdendo a voz orixinal; no amor que se vai desgastando e secando; na idade... en fin, todo este mundo que un pobo a longo da vida vaise perdendo. Por iso a primeira parte chameina regalía, o principio.

-Vostede apostou pola rima...

-Penso que aí si foi determinante Brasil. Empecei a ler poesía contemporánea de alí chamoume a atención como os autores brasileiros seguen abraizados pola rima. A súa vangarda tamén foi moi importante, pero hai una especie de cansazo e unha volta a unha poesía máis clásica, simbolista, parnasiana. Eu intento expresar estas cousas dunha maneira clásica, porque dáme a impresión de que así o diamante é máis diamante.

-¿É un escritor metódico?

-Coa poesía non, porque a poesía parte dunha predisposición que non sempre aparece. Para min é un misterio. Pero coa tradución si son metódico.

-Este ano publicou o ensaio *Bos tempos para a lírica* no que fala da xeración poética dos 80 á que pertence. ¿Como ve a de hoxe en día?

-Os tempos teñen unha sensibilidade diferente e non teño a perspectiva suficiente para enxuizar esta época.